



Federico Ribas:
Os trazos do medo



Mariñeiro de Bueu
F. Ribas - 1938

A sombra dun esquecemento

Xaime Toxo

Hai ocasións nas que semella que o destino de topar o que buscas está á volta dunha causalidade que non é tal, porque hai un propósito, case un agoiro, de que ese material pode existir, está aí, oculto pero aí. As seis Estampas da Represión Fascista en Bueu, debuxadas por Federico Ribas en Buenos Aires, estaban aí, agardando por nós, en silencio, como o eco dunha oración laica murmurada a miles de quilómetros de distancia. Murmurio que o paso do tempo non conseguira apagar. A oración foron os anos de investigación que levamos dedicados a rescatar a figura do autor: Federico Ribas Montenegro, a sombra dun esquecemento. Esta persecución dunha sombra o que nos amosou foi o poliédrica que pode ser a vida dun ser humano e os moitos ronseis que foran quedando das travesías que este home emprendera.

O primeiro ronsel, o artista. Un Ribas debuxante e publicista xenial, que acadara sona internacional e tivera seu primeiro momento de gloria nunha primeira estadía en Buenos Aires, sendo moi novo, á que seguirían estancias en París e Madrid, xa como o máis consagrado e premiado ilustrador publicitario de revistas e xornais de maior tirada do país. O familiar, o segundo ronsel. Emparentado con familias asentadas en Bueu, os Barreras e os Massó, acabará convertendo a pequena vila mariñeira e conserveira no seu espazo privilexiado de descanso e lecer. Cando na entrevista que lle fan nunha revista madrileña o xornalista pregunta interesado onde vai pasar as vacacións, si será Vigo a elixida por ser a súa cidade natal. Federico responde: “Non, irei ao meu pobo, irei a Bueu”.

O humano, o terceiro ronsel. Decatámonos a través de consultas de fontes literarias e documentación de distinta orde que había moitos Ribas, que nin moito menos a súa figura se podía reducir a un só aspecto, o de publicista de éxito, magnífico compoñedor sobre papel de mulleres de beleza cinematográfica, sedutoras e frívolas, ambientadas na presenza dos elementos propios dunha clase social privilexiada.

Había un Ribas vitalista, sensible e poroso, atento ao que lle transmitía tanto a natureza que o rodeaba como a xente que a habitaba. Un Ribas que confraternizaba, que se axeitaba e comprendía. Un Ribas que se identificaba con moitos mundos, tamén con ese mundo

singular do popular, o que formaban homes e mulleres que a través dos seus traballos no mar lle dan forma a un universo de autenticidade espontánea e vital. A figura da peixeira coa patela coa que ilustrará a capa da revista Industria Conserveira é un auténtico canto de ledicia expresiva.

O social, un cuarto ronsel. O Ribas dos parladoiros, de cafés e xuntanzas, de conversacións interminables. O home cosmopolita, con moito mundo enriba, de moito traballar mais tamén de moito gorentar. Xeneroso e dadivoso, festeiro. Que consegue durante varios veráns, os que coinciden coa permanencia da República Española, traer a Bueu a algúns dos seus amigos intelectuais e artistas, que fan da vila un espazo cimeiro de creación. O mesmo Ribas do Ateneo, de La Granja el Henar, da Gran Vía ou a rúa Alcalá, é o das fotos nos areais de Lapamán ou a Banda do Río, das tabernas ou do casino de Bueu, o que pasea pola praia de Beluso ou tira unha foto diante do puntal de Pescadoira.

Finalmente, o Ribas que denuncia, o Ribas vencido pola traxedia, polo exilio, a dor e o sufrimento. Que vai poñer sobre papel a masacre cruel que a vitoria fascista após da sublevación militar do 36 trae asociada.

6 Estampas de Terror que debuxa en Buenos Aires mais contemplando o que pasara en Bueu. Probablemente realizounas a finais da década dos trinta ou a comezos dos corenta, cun cambio radical non só de temática senón de estilo. Agora Ribas bebe das estampas de Francisco de Goya e George Grosz para amosarnos con urxencia a ferida da vileza, a iniquidade, o horror que trae aparelhada a crueldade dos asasinados protexidos pola nova orde dunha “cruzada” de morte e aniquilación, a noite e as sombras “acharoladas” que van varrer os ideais democráticos e republicanos.

Debuxos perfectamente contextualizados co que estaba sucedendo en Galicia, con referencias explícitas ao que aconteceu en Bueu, aí aparecen as torturas, a violencia impune e covarde sobre as mulleres, as malleiras, os paseados na cuneta e os afundidos devoltos polo mar, a orfandade do medo sempre.

Estampas do noxo que sentía, moi influenciadas polo estilo dos seus amigos exiliados coma el en Buenos Aires, Castelao, Souto e Seoane, que conforman un álbum realmente arrepiante, dunhas circunstancias que non deben ficar no esquecemento, ás que debemos regresar para telas presentes, para que non se volva repetir o terror desalmado da barbarie.

Mais tamén ter en conta que con elas recuperamos outro Ribas, outra cara do poliedro, talvez a máis nosa. Un Ribas identificado cos mártires populares e progresistas, os que defenderon coa súa vida os valores da igualdade, da xustiza e da liberdade.

Na memoria e na honra de todos eles recuperamos – agardamos que dignamente – este traballo imprescindible e ignorado de Federico Ribas Montenegro.

Bueu 1931-1936

Arturo S. Cidrás

A moitos bueueses a chegada da II República no abril do 1931 abríulles as portas á esperanza. Gonzalito, o fillo do ‘Axudante Don Gonzalo Torrente’, facía pouco que chegara a Bueu. Apenas saía da casa polo que pouca xente o coñecía. Na mañá do 14 de abril tivo a tan esperada presentación, sobre todo para unha parte das mozas do Liceo, e o fixo como abandeirado nunha pequena manifestación que dende Pescadoira percorreu as rúas do pobo dando a benvida á República.

A actividade da política municipal vai tralo ronsel dos cambios no Estado. As reformas destes anos pretenderon achegar o afastado tren do progreso pero sufriron algúns atrancos polas carencias previas, pola presa na programación, así como polo ambiente creado por algúns partidos e persoas que se resistiron a ceder cotas de poder por consideralo patrimonio seu.

A folga Xeral revolucionaria de outubro de 1934 provocou problemas en todo o territorio e, no caso de Bueu, a destitución da Corporación e posterior nomeamento dunha xestora: *“En vista da actitude desa Corporación Municipal, desasistindo ao Poder Público con motivo do movemento revolucionario, fai que non inspire ese Concello a confianza debida...”*. Movementos estes que tamén repercutiron na vida cotiá do pobo e mesmo do asociacionismo bueués coa clausura de varias sociedades de traballadores (Federación de traballadores de Bueu, Sociedade de oficios varios de Cela, etc.).

Outra proba da vórtice que experimentaba a política local era que neste curto período houbo sete alcaldes dos que catro estiveron no primeiro ano da República. E mesmo se nos parásemos a mirar a disposición dos concelleiros temos unha morea de nomes que se alternan no tempo, así como unha disposición heteroxénea pola composición ideolóxica que eles mesmos definen, como no caso do 1933: socialistas (6), radicais (4), galeguistas (3), republicanos-independentes (2) e socialista-agrario (1).

A pesar de todo houbo períodos de moita luz, embazados de cando en vez pola negativa dalgúns concelleiros a cumprir coas obrigas de edís o que forzaba momentos de práctica parálise lexislativa municipal que os alcaldes suplían a base de Bandos ou, para poder aprobar os presupostos, das ameazas: *“... advírtese que o que deixe de compadecer sen alegar causas debidamente xustificadas, esixiráselle a responsabilidade a que baxa lugar...”*.

Tomando o nomeamento de rúas como expresión visíbel do sentir do concello atopámonos que se no 1932 foi a petición popular, sobre todo dende a emigración, á que lle puxo «*Matilde Bares*» a unha rúa de Bueu, será a partires do marzo de 1936 cando o concello retome a iniciativa nos nomeamentos destas para facer pedagogía política. As rúas reflicten nomes relevantes para a esquerda do momento: Dúas rúas para os chamados *mártires da República*, o «*Capitán Galán*» (á parte de abaixo de Eduardo Vincenti) e «*García Hernández*» (ao leste de Montero Ríos) ou «*Pablo Iglesias*» (á parte de abaixo de Alfonso R. Castelao). Tamén puxeron nomes como «*Avenida da República*» (á Montero Ríos cara o Oeste), «*Dieciseis de febreiro*» (día da vitoria electoral do Fronte Popular, á Travesía da Banda do Río) e como nestas datas a política non estaba de costas ao arte e á literatura tamén «*Víctor Said Armesto*» (á Pazos Fontenla) e «*Antonio Villar Ponte*» (á actual Rosalía de Castro).

A vida laboral da maior parte da poboación xiraba arredor do mundo do mar onde a pesca e a conserva ocupaba a unha grande parte de homes e mulleres. Quizais precisamente por iso calquera revés neste sector facía que a pobreza se cebara sobre amplas capas da poboación. Como exemplos, no 1933 o Alcalde de Barrio da illa de Ons presentou unha instancia no concello de Bueu asinada por case todos os cabezas de familia da illa solicitando o certificado de pobres ou, no 1936, cos problemas que enfrontaba a mariñeiros, armadores e conserveiros polo prezo da sardiña.

No campo educativo, a preocupación da clase política foi medrando pouco a pouco. A transformación na educación da poboación andaba paseniño, pero firme e esperanzador. A iconografía da escola comezaba a cambiar desprazando retratos reais, crucifixos, etc. por láminas pedagóxicas, emblemas e imaxes da república entre outros. O labor dalgúns dos mestres de primeiras ensinanzas do concello de Bueu ven precedida polo bo facer “*cultural-pedagóxico*” de educadores coma Joaquín Fernández Cambeiro, Josefa Calleja, M^a Luisa Rosende e o do Pósito de Pescadores, Primo Iturriaga; ou nas “*charlas pedagóxicas*” que tamén daba José Torres Martínez nas que remataba dicíndolle aos pais que “*mentres a República se preocupa grandemente por crear escolas e mestres, os pais non deben mirar con frialdade este esforzo, senón en axudar e colaborar co mestre a formar unha república forte e culta*”. Nesa mesma liña estaban mestras como Teresa López, Eugenia Domínguez, Leopoldina Gómez e outras, que polo grande celo docente ou quizais pola posta en práctica dos valores da democracia sufriron represalias no 1936.

O azar, a amizade, o traballo, etc. fixeron de Bueu, neste breve período que durou a II República, epicentro de movementos culturais, políticos e sociais que deron en xermolar froitos literarios (Gonzálo Torrente, Rómulo Gallegos, Carballeira,...), estéticos (Federico Ribas, Maruja Mallo, José Suárez...), asociativos (asociacións, ligas, sindicatos,...), etc.

Foron momentos de grandes proxectos e esperanzas que se truncaron coa chegada das tropas do Polígono Janer (Marín) ao Bueu do 24 de xullo de 1936 feito que permitiu visualizar neste pobo o triunfo do Golpe de Estado e dar comezo á sega no eido da cultura, da política, da actividade social e obreira que levaría por diante a moitos dos seus protagonistas.

Consecuencia disto, os que optaron por fuxir e chegaron a países irmáns nos que puideron seguir co labor creativo tal é o caso de Maruja Mallo, José Suárez, Federico Ribas, etc. amosaron en parte da súa obra o horror e a barbarie que se estaba a vivir na súa terra. E os que non puideron ou non quixeron marchar, polo feito de crer na tolerancia e no pluralismo, por militar en organizacións mariñeiras ou labregas ou simplemente por pensar distinto foron represaliados e, no mellor dos casos, condenados ao ostracismo ou á liberdade marcada co silencio imposto polo medo. Medo que cando chegou a “democracia” ao noso país apenas deixou vela faciana do recoñecemento, condenándoos outra vez a que a dor e os recordos sigan no esquecemento.

Para que isto non volva a ocorrer, pero tamén para poñer en valor un pasado que segue a considerarse referente cultural, é polo que rescatamos neste opúsculo unha parte da memoria de Bueu da man de Federico Ribas en seis das súas láminas que el mesmo define co lema “*Visións galegas baixo o yugo de Falanxe*” que debuxase en Buenos Aires pensando na Galicia da que tivera que fuxir e, no concreto, en Bueu e nos seus veciños.

Título:

Galicia quedou sin mariñeiros

Texto ao dorso:

***O mar galego non quere os homes que
mataron os feixistas***



Visión galega buia o grupo de Falanxe

"Galiza quedou en marxeiros"

Título:

Quen vai facer os barcos agora

Texto ao dorso:

*El hijo de José de la Torre carpintero de
Ribera: - Entón se mataron a paiciño que
facía as lanchas e mataron ós mariñeiros
qu'iban nélas xa non comeremos máis
peixe miña naiciña!*



Visão gelada baixo o jugo da fome

"Não vai fazer os biscoitos agora"

Título:

Negra sombra



Visions galegas buias • grupo de Falange

"negra sombra..."

Título:

O cabaleiro de San Yago

Texto ao dorso:

***Teño fame, teño fame... Pois vai a comer
á teu pai que fai unha hora que é fiambre***



Visión galega baixo o signo de Falanx - (1ª) "O Cabaleiro de San Xago.

Título:

**Mandaron a Galicia a os mouros para
sustituir os homes asesinados**

Texto ao dorso:

Los moros en Galicia

El moro – mucha lluvia

Mucha lluvia

Pero muchas cristianas buenas.



Visões galegas buícos o que de Folame.

"Mandaron a Galiza a os mouros, pra substituir os homes assassinados"

Título:

Com'este morreron moitos

Texto ao dorso:

***Los de ¡Arriba España! – ¡Ese ya no
volverá a pedir aumento de jornal!***



Visións galegas baixo o yugo de Falange

" Com' este morreron nuntos "

nilas

© Xaime Toxo

© Arturo Sánchez Cidrás

© Imaxes-láminas: Museo Provincial de Pontevedra

Colabora o grupo “O mar por diante” e o Ateneo de Pontevedra

Depósito legal:

Impreso en Irisar diseño e impresión – Cangas 2020

Editado polo concello de Bueu

